

O DERRADEIRO AGASALLO DO ALCALDE BAS A AER

Aconteceu o pasado xoves 30 de abril: o Alcalde de Redondela D. Javier Bas despediuse do representante de AER no pleno do Concello do xeito máis desafortunado posible.

Ao berro de "**mentirosos, mentirosos...**" e outras lindezas polo estilo, o Primeiro Edil da Vila sorprendeu a tódolos presentes cunha demostración case infantil de rabia e incontinencia verbal.

Non contento coa súa penosa intervención, o Sr. Bas tildou aos membros da nosa Agrupación de "**guerracivilistas**", curioso epíteto cando se escoita saíndo dos beizos dun alcalde "simpatizante e ex-independente" dun partido que representa á dereita máis rancia deste país. Por certo, non estaría de máis que un día explicara a todos cal dos dous bandos foi, ao seu entender, o "guerracivilista" en Xullo de 1936.

Non foi este o único momento de gloria dun exaltado e descoñecido Javier Bas. **Recreouse no insulto e na falacia** afirmando a facilidade que se ofrece ao noso grupo á hora de realizar consultas de expedientes e outros documentos, e lembrando a boa disposición de tódolos funcionarios do Concello para facilitar "libremente" aos membros de AER o seu traballo diario.

Pero o intre máis tenso da noite viviuse cando o Alcalde, nunha **orxía de faltas de respecto impropias do cargo que ostenta**, permitiuse a licenza de realizar unha lamentable comparación entre o comportamento de AER e o que no seu tempo levaba a cabo **Joseph Goebbels**, un dos principais difusores do nazismo na Alemania de Adolf Hitler.



Javier Bas

Triste despedida dun Alcalde que se autocalifica "conciliador e dialogante". Referirse a un asasino abominable para descualificar aos seus rivais é algo nunca visto nun pleno do Concello de Redondela. Pero se este é o sinal de saída que el utiliza para comezar a campaña electoral, debe saber que nós tamén lemos, e tamén coñecemos o nome de moitos personaxes detestables máis achegados ideoloxicamente a el que a nós.

Pode estar tranquilo, non creo que os levantemos do seu descanso eterno para facer campaña contra vostede, Sr. Bas, de momento temos ferramentas dabondo sen saír do mundo dos vivos.

ASÍ SEXA



Joseph Goebbels

PEDIMOS PERDÓN

Lamentamos ter importunado a San Javier Bas e aos seus apóstolos e mártires adicados dun xeito incualificable ao ben común, mentres os demais levantamos sospeitas sobre unha xestión inmaculada, virxinal e perfecta.

Acusámonos de malinterpretar e desconsiderar a excelente xestión da Comisión de Investigación sobre a piscina de Chapela, de cuestionar por que se deixa no cuarto da saúde as cuestións pendentes do Conservatorio ou de non saber diferenciar entre dominio público e zona de tránsito na zona de Cesantes (ignorantes de nós).

Perdón San Javier Bas e acólitos. Prometemos asistir a misa diaria durante todo este mes de maio (o mes da vixen) e cumprir como penitencia de flaxelarnos co látego de sete puntas.

Só nos queda admirar a súa perfección e capacidade para dirixir unha entidade que "coloca preferentes", e encabezar unha manifestación contra as preferentes. Para ir diante da manifestación protestando contra a ampliación da AP9 e asistir á inauguración desa ampliación, para presumir de transparencia e ser o campión dos contratos negociados sen publicidade.

Perdón San Javier, comprendemos que se amose moi anoxado connosco. (iNon che queda nada meu rei!)

EU SON REDONDELA,
E OS DEMAIS SON OS
INIMIGOS



ISTO É DO QUE NON LLE GUSTA FALAR A JAVIER BAS

Informe de Intervención: "A maiores, esta Intervención recomenda que dentro das posibilidades municipais e da lexislación contractual **se fomente a publicidade das licitacións.** O seu uso fomenta a participación de diferentes licitadores e con carácter xeral supón aforros para o Concello. Como exemplo sirva que **aquelas licitacións que foron publicados nos boletíns oficiais nos últimos anos arroxaron unha baixa media do precio de licitación do 22,11% fronte aqueles contratos que non tiveron dita publicidade que arroxaron unha baixa do 8,64%.**" Vamos, os chamados "contratos negociados sen publicidade" que tanto lle gusta

facer e nos que invita a quen lle peta e da maneira que considera.

Así podemos ver como para o contrato de conciliación, invita a empresas que nada teñen que ver coa animación e o tempo libre. Vemos como empresas que non hai moito pasaron polos xulgados, acumulan un contrato detrás doutro en datas recentes. Vemos como para a reforma da praza se contrata unha empresa de recente creación dirixida por fillos dun exalto cargo do PP procesado por cuestións indignas. Vemos como "casualmente" a coordinación de cultura volve ás mesmas mans valorando un aspecto da proposta que non foron quen de facer e presentar durante o contrato anterior: memoria e avaliación do traballo; etc etc etc